

Por resolución da presidencia núm. 23366, do 5 de xullo de 2019 (modificada por resolución núm 24652 do 18 de xullo de 2019), foi aprobada a convocatoria da “IV COPA DE FÚTBOL FEMININA DEPUTACIÓN DA CORUÑA”, que se desenvolverá segundo as seguintes

BASES

1. PARTICIPANTES

Tomarán parte na competición 32 equipos femininos da provincia de A Coruña, que militan na tempada 2019/2020

Os equipos participantes son os seguintes:

PRIMEIRA DIVISIÓN NACIONAL (1 equipo)

R.C. DEPORTIVO ABANCA

SEGUNDA DIVISIÓN NACIONAL (2 equipos)

VICTORIA C.F. (A Coruña)

VICTORIA F.C. (Santiago de Compostela)

LIGA GALLEGA 1ª DIVISIÓN (5 equipos)

SD TORDOIA

ORZÁN S.D.

S.D. VILLESTRO

S.C.D. PASTORIZA

C.F. DEPORTIVO ORZÁN

LIGA GALLEGA 2ª DIVISIÓN (24 equipos)

PORTAZGO S.D

XUVENTUDE DE CRENDES C.F.

TORRE S.D.

SPORTING BURGO

UNIÓN CAMPESTRE

SILVA S.D.

BERGANTIÑOS C.F.

BETANZOS C.F.

C.D. NARON

S.E. ABELLÁ S.D.E.C.

S.D. O VAL

TOURO S.D.

U.D. CARRAL
SPORTING CAMBRE
BREXO LEMA S.D.
ARZUA FUTBOL CLUB FEMENINO
XUVENTU AGUIÑO S.D.
E.F.M. CONCELLO DE BOIRO
CARREIRA C.F.
C.D. UNIÓN
E.D. OS MIUDOS
U.D. PAIOSACO
ONCE CABALLEROS
S.D. ORDENES

2.- NORMATIVA DA COMPETICIÓN

As normas que regulan o desenvolvemento desta Competición son as seguintes:

PRIMEIRA.- Sistema de eliminatorias: disputarase polo sistema de eliminatorias a un só encontro, segundo sorteo, celebrándose no campo do club de menor categoría, e en caso de ser a mesma, do Club citado en primeiro lugar. Así mesmo e de conformidade entre os Clubs contendentes poderase variar a orde de campos ou designar o neutral que estimen oportuno.

Ao ser as eliminatorias a partido único e ao ter lugar nas instalacións dun dos contendentes, non gozarán de plusvalor os goles que eventualmente marque o equipo visitante.

SEGUNDA.- Empates/desempates: en caso de empate, incluída a Final, resolverase a igualdade procedéndose a unha serie de lanzamentos desde o punto de penalti, de cinco por equipo, alternándose un e outro na execución daqueles, previo sorteo para que o equipo que resulte favorecido polo mesmo elixa ser primeiro ou segundo nos lanzamentos e debendo intervir futbolistas distintos ante unha portería común. O equipo que consiga máis tantos, será declarado vencedor. Si ambos os contendentes houbesen obtido o mesmo número, proseguirán os lanzamentos, en idéntica orde, realizando un cada equipo, precisamente por xogadores diferentes aos que interviñeron na serie anterior, ata que, efectuando ambos os igual número, un deles, marque un tanto máis.

Só poderán intervir nesta sorte os futbolistas que se atopen no terreo de xogo ao finalizar o partido, podendo en todo momento calquera deles substituír ao porteiro. Si houberse lugar ao suposto de resolver o resultado por lanzamento desde o punto de penalti e un dos dous equipos tiver no campo, por razón das vicisitudes do partido, menos xogadora s que o opoñente, este deberá excluír os que excedan, co fin de que ambos dispoñan de idéntico número, correspondendo ao seu capitán a obrigaón de comunicar ao árbitro tales extremos.

TERCEIRA.- Inscripción e licenzas federativas: todas as xogadoras que interveñan na "**IV Copa de Fútbol Feminina Deputación da Coruña**" deberán estar regulamentariamente inscritas nos seus respectivos clubs e ter aboada a cota correspondente da Mutualidad de Futbolistas Españois.

CUARTA.- Número de xogadoras e substitucións: os clubs presentarán para cada encontro dezaseis xogadoras como máximo, podéndose realizar cinco cambios en cada partido. (incluída a porteira).

QUINTA.- Árbitros: Serán designados polo Comité Territorial Gallego de Árbitros, por delegación do Comité Nacional, dada a inclusión de Clubs Nacionais.

Percibirán por dereitos de arbitraje como tarifa única a cantidade de **cen euros** (100 €) que serán aboados pola RFGF, non sendo necesario o pago no campo dos contendentes.

SEXTA.- Horario: la hora de comezo de cada partido fíxase con carácter uniforme para as **19.00 horas** (sete da tarde), podendo ser variada previo acordo de ambos os Clubs, e comunicada cunha antelación mínima de tres días á Federación Galega de Fútbol.

SÉTIMA.- Prezos de entradas: a entrada aos encontros será gratuíta, dado que un dos aspectos tidos en conta desta “**IV Copa de Fútbol Feminina Deputación da Coruña**” é o fomento e maior visibilidade do fútbol feminino.

OITAVA.- Desprazamentos: Os gastos de desprazamento serán sufragados polo club respectivo.

NOVENA.- Réxime disciplinario/Comité de Competición: De cantas incidencias poidan ocorrer no desenvolvemento deste torneo, entenderá o Comité Territorial de Competición e Disciplina.

Comunicarase así mesmo aos clubs participantes, que as sancións que se impoñan ás xogadoras expulsadas, serán de suspensión por encontros deste Torneo e multa, e as amoestacións conllevarán a aplicación da multa correspondente. En caso de agresións ao corpo arbitral será de aplicación o artigo 115 do Regulamento Disciplinario da F.G.F.

DÉCIMA.- Incompatibilidades de equipos dependentes e filiais: no caso que participe o equipo principal ou patrocinador dun club, non poderán intervir neste Torneo os equipos dependentes.

No suposto que participe un equipo filial non se poderán exercer os dereitos inherentes a esta situación.

UNDÉCIMA.- Trofeos: O Campión e Subcampión da “**IV Copa de Fútbol Feminina Deputación da Coruña**”, recibirán os trofeos correspondentes doados por esta.

DUODÉCIMA.- Sorteio e desenvolvemento do campionato: Na eliminatoria previa e na eliminatoria de oitavos de final o sorteio e ata onde for posible, realizarase seguindo criterios de proximidade xeográfica.

DÉCIMO TERCEIRA.- Incomparecencia, renuncia ou exclusión: A incomparecencia, a retirada e a exclusión dun equipo da competición producirán as seguintes consecuencias:

Consideralo como “non participado” e, por tanto, sen percepción de ningún premio incluído “o fixo por participar”.

3. DESENVOLVEMENTO DA COMPETICIÓN

A competición desenvolverase en catro eliminatórias e a final.

Na eliminatoria previa e na eliminatoria de oitavos de final o sorteio e *ata onde for posible*, realizarase seguindo criterios de proximidade xeográfica.

3.1. Trintaeduosavos: tomarán parte nesta fase 24 equipos da categoría Liga Galega Feminina de 2ª División, os 5 equipos de Liga Galega Feminina de 1ª División, os 2 equipos de 2ª División Nacional Feminina e o equipo de 1ª División Nacional Feminina.

Disputaranse 16 partidos e pasan á seguinte fase os 16 equipos vencedores.

3.2. Oitavos de final: tomarán parte nesta fase 16 equipos vencedores da eliminatoria anterior

Disputaranse 8 partidos e pasan á seguinte fase 8 equipos vencedores.

3.3. Cuartos de final: tomarán parte nesta fase os 8 equipos gañadores de oitavos de final, emparellándose por sorteo puro.

Disputaranse 4 partidos e pasan á seguinte fase os 4 equipos vencedores.

3.4. Semifinais: tomarán parte os 4 equipos vencedores de Cuartos de Final, emparellándose por sorteo puro.

Disputaranse 2 partidos e pasan á seguinte fase os 2 equipos gañadores.

3.5. Final: disputarán a final os dous equipos vencedores das semifinais en sede a determinar pola FGF e en data tamén a determinar pola FGF dependente de criterios televisivos.

4. CALENDARIO

A competición desenvolverase logo da adxudicación do contrato da organización e realización da actividade, e rematará o 20 de setembro de 2019

5. PREMIOS

A Deputación aboará un total de: **95.500,00€**, en premios aos equipos participantes na **“IV Copa Feminina de Fútbol Deputación da Coruña”**, distribuídos da seguinte forma:

5.1. Fixo por participar:

1.000 € ao equipo de 1ª División Nacional Feminina
850 € a cada un dos 2 equipos de 2ª División Nacional Feminina
600 € a cada un dos 5 equipos de Liga Galega Feminina 1ª División.
300 € a cada un dos 24 equipos de Liga Galega Feminina 2ª División.

5.2. Trintaedousavos:

1.200 € a cada un dos 16 equipos gañadores que se clasifiquen para oitavos.
600 € a cada un dos 16 equipos perdedores.

5.3. Oitavos de final:

1.500 € a cada un dos 8 equipos gañadores que se clasifiquen para cuartos de final.
900 € a cada un dos 8 equipos perdedores.

5.4. Cuartos de final

2.000 € a cada un dos 4 equipos gañadores, que se clasifiquen para as semifinais.
1.500 € a cada un dos 4 equipos que resulten perdedores.

5.5. Semifinais:

2.400 € a cada un dos 2 equipos gañadores que se clasifiquen para a final.
1.900 € a cada un dos 2 equipos que resulten perdedores.

5.6. Final:

8.000 € ao equipo que resulte campión.
4.000 € ao equipo que resulte subcampión.

Gasto total en premios : 95.500,00€.

6. COMPROMISO DE PARTICIPACIÓN

Os equipos participantes enviarán á Federación Galega antes do comezo da competición un certificado de compromiso de participación na **"IV Copa de Fútbol Feminina Deputación da Coruña"**, no que se especifique: a aceptación das normas que regulan a competición e que non existe ningún impedimento deportivo ou legal para a súa participación nela.

Unha vez emitido o certificado de compromiso os equipos que se dean de baixa non poderán reclamar ningún premio asignado a esta competición.

7. PAGOS

7.1. Premios. A Deputación aboará os premios apuntados na base 5 directamente aos equipos participantes, en función da clasificación obtida.

Coa finalidade percibir os premios, que se aboarán mediante transferencia bancaria, os equipos participantes deberán remitir á entidade adxudicataria do contrato de organización e coordinación da **"IV Copa de Fútbol Feminina Deputación da Coruña"**, copia do NIF da entidade, designación de conta bancaria na que se efectuarán os aboamentos, conforme o modelo normalizado que figura na páxina www.dacoruna.gal, así como a autorización á Deputación para que poida solicitar as certificacións de estar ao corrente nas súas obrigacións coa Axencia Tributaria e a Seguridade Social.

7.2. Arbitraxes. A Deputación aboará directamente os gastos de arbitraxes, previa presentación de factura remitida pola entidade correspondente (Comité técnico Gallego de árbitros de fútbol).

8. DIFUSIÓN PUBLICITARIA

En todos os campos de fútbol onde se celebren os partidos colocaranse como mínimo dous valos publicitarios coa lenda/anagrama **"Deputación Provincial da Coruña"**.

Para acreditar o cumprimento da difusión publicitaria, a entidade adxudicataria do contrato de organización e coordinación, remitira coa xustificación do pago do citado contrato, fotografías dilixenciadas ao dorso, onde conste a identificación do campo e o partido celebrado.